



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 24 DE NOVEMBRO DE 2010.

ASISTENTES:

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

CONCELLEIROS:

D. MANUEL MEIZOSO LÓPEZ

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.

D. FERNANDO VILAR DÍAZ.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás nove horas do día vinte e catro de novembro de dous mil dez baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnen-se os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA EN DATA 05.11.10. ACORDO QUE PROCEDA

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres. Concelleiros/as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data cinco de novembro de dous mil dez.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la acta da sesión anterior.

2.- TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO P S DE G- PSOE D. MANUEL MEIZOSO LOPEZ. ACORDO QUE PROCEDA.-

Dase conta ó Pleno do concello que como consecuencia da renuncia como concelleira do Grupo Municipal do P S de G - PSOE, Dna. María Josefa Cobelo Moreira, pola Xunta Electoral Central expidiuse credencial de concelleiro a favor de D. Manuel Meizoso López.

Polo secretario da Corporación previa á toma de posesión formúlase a pregunta prevista no artigo 1 do Real Decreto 707/79 do 5 de abril, respostando D. Manuel Meizoso López, sí prometo.

Polo Alcalde-Presidente e polos voceiros de tódolos grupos políticos municipais dásele a benvida como novo membro da corporación municipal do Concello da Capela.

3.- PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2011 (POS/2011). PROPOSTA DA ALCALDÍA. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta ó Pleno da Corporación da proposta da Alcaldía que contén a inclusión das obras no POS 2011 que son as seguintes:

- Ampliación Rede abastecemento de auga potable en As Neves, por un importe de 36.001,77€ ive engadido.
- Pavimentación de vías municipais Os Picos- Martín e Formariz- límite do Concello, por importe de 30.000€ ive engadido.

Como complementario propónse o proxecto denominado " Pavimentación vías municipais A Teixeira, Vilar e O Sabugueiro", por un importe de 30.000 € ive engadido.

Anuncia asimesmo que igual que os últimos anos o 50% do Plan de Obras e Servizos destinarase a gasto corrente.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, pregúntaselle ó Sr. Alcalde que contén o proxecto de ampliación do abastecemento nas Neves, respostándolle este que consiste en levar a auga ata o centro de saúde e extendela rede pola AC 564 ata a casa dos peóns camiñeiros.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que non ten sentido que se saque a metade do diñeiro correspondente ó POS para financiar o gasto corrente, xa que este debería de controlarse moito máis do que se fai. Manifesta con respecto ó proxecto de ampliación de abastecemento de auga nas Neves, que este habería que levalo como mínimo ata a casa que se atopa máis adiante da dos peóns camiñeiros.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, dise que xa se ten dito polo equipo de goberno de que a rede de abastecemento de auga iriase ampliando paulatinamente e que está de acordo co manifestado polo voceiro de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz de levar a auga ata a casa mencionada, pero cando haxa cartos.

Toma a palabra de novo o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, para manifestar o seu voto negativo á proposta da Alcaldía do POS 2010, xa que con respecto ó abastecemento de auga o grupo de goberno non acometeu aínda dúas necesidades básicas: o abastecemento de auga potable ó Colexio e a derivación da saída do saneamento na depuradora de Sande.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que na vindeira semana con medios propios o concello iniciaría as obras para a conexión á rede xeral de abastecemento do Colexio público. En canto ó tema da depuradora de Sande di que os proxectos para a mellora da mesma están en augas de Galicia, xa hai tempo, e dirixíndose ó voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular dille que foi el quen dixo na Consellería que non se fixeran as obras.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, pídeselle en dúas ocasións ó Sr. Alcalde-Presidente que retire as súas derradeiras manifestacións diante da gravidade e falsidade que supoñen.

Resposta o Sr. Alcalde-Presidente que non retira para nada o dito.

De novo toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz pedíndolle ó Alcalde que se centre na orde do día e que non conte máis mentiras políticas e fala a continuación dos incumprimentos do programa electoral do P S de G - PSOE , citando casos coma o da construción do polígono e o do Machuco.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo dise que o equipo de goberno fixo xestións diante da Dirección Xeral de Patrimonio da

Xunta de Galicia e que na actualidade existe unha memoria presentada ó abeiro dos fondos do Plan Miner para a restauración integral do Machuco por importe aproximado de 200.000 €.

Remata o debate o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, manifestando que o seu grupo a proposta da alcaldía para o POS 2011 é insuficiente na súa contía, matizando que o seu grupo non está en contra de que se fagan as obras propostas e reitera no que respecta a ampliación do abastecemento de auga potable ás Neves, en que se debería ampliar ata a casa que está máis adiante da casa dos peóns camiñeiros.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación, por maioría de votos (5 votos a favor da aprobación da proposta da Alcaldía dos Sres. /Sra. concelleiros /a dos Grupos Municipais do P. S de G- PSOE, e Mixto - BNG, e 4 votos en contra dos Sres. concelleiros/a dos Grupos municipais do Partido Popular e Terra Galega), adopta o seguinte acordo:

1.- Aprobar o Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POs) 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2011, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado +Deputación	Concello	Orzamento total
Ampliación Rede Abastecemento auga potable en As Neves	34.201,68€	1.800,09€	36.001,77€
Pav. vías municipais Os Picos- Martín e Formariz límite do Concello	28.500,00€	1.500,00€	30.000,00€
Subtotal obras	62.701,68€	3.300,09€	66.001,77€

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega Provincial aplicada ó financiamento de gastos correntes	67.701,67€
--	------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Orzamento total
Subtotal obras	62.701,68€	3.300,09€	66.001,77€
Subtotal gastos correntes	62.701,67€		62.701,67€
Total	125.403,35€	3.300,09€	128.703,44€

2.- Aprobar o Plan complementario do ano 2011 no que se inclúen as obras que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación da obra	Orzamento
Pav. vías municipais A Teixeira, Vilar e O Sabugueiro	30.000,00€
Totais	30.000,00€

3.- Declarar que o Concello é titular e ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ó corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente ó alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

4.- ORZAMENTO MUNICIPAL 2011. APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.-

Dase lectura polo Sr. Alcalde-Presidente íntegramente á memoria da Alcaldía que acompaña ós orzamentos municipais para o exercicio 2011, sinala que se trata duns orzamentos preventivos que ascenden a unha cantidade semellante á do exercicio 2010 e que ó longo do exercicio 2011 agardase que se poidan incrementar substancialmente o mesmo que ocorreu neste ano no que o orzamento municipal se incrementou grazas á xestión do equipo de goberno en aproximadamente 500.000€ pasando de 1.240.000 ata 1.700.000€.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández para expresar que o seu grupo vota en falla unha explicación moito máis polo miúdo por parte do Sr. Alcalde - Presidente, ó mesmo tempo que menciona moi positivamente o informe técnico financeiro, xa que corresponde co manifestado en reiteradas ocasións polo grupo municipal do Partido Popular, no sentido de que o Concello debe centrarse e potenciar a prestación dos servizos básicos establecidos na Lei de Bases de Réxime Local.

Solicita do Sr. Alcalde-Presidente que explique a baixada do complemento específico á traballadora social, do mesmo xeito no tema das inversións reais o orzamento é moi escaso para acometer as necesidades do concello, e obsérvase unha descompensación moi grande entre os ingresos e os gastos do concello, xa que os ingresos que pode ter o concello a penas chegan para atender os gastos de persoal. Tacha os orzamentos de raquíticos e que non contemplan as necesidades do Concello.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que se nota en falla a participación na elaboración dos orzamentos, xa que en tódolos lados ata en Ferrol, hai reunións informativas e explicativas dos mesmos, di que é un orzamento de mínimos e que hai que recortar en gasto corrente, ó mesmo tempo que manifesta que o incremento que se produciu este ano no orzamento débese ós cartos do plan E. O problema de fondo que ten A Capela e que non se constrúe nada e polo tanto no se recada o diñeiro suficiente, pide asimesmo que se metan no orzamento 6.000 € para subvencionar ás entidades do Concello, como se viña facendo ata hai dous anos, tampouco se ve no orzamento ningunha dotación para sumidoiros e parques públicos .

Xorde no debate anterior, no que respecta as subvencións a entidades un enfrentamento entre o voceiro do grupo municipal Mixto - BNG, no que se acusa de mentiroso ó voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular por manifestar que no orzamento do derradeiro exercicio iban en concepto de subvencións 6.000 € para o museo e outro tanto para EuroEume.

Polo voceiro do Grupo Mixto - BNG, D. Juan Puentes Calvo, matízase que efectivamente dixo que o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular estaba mentindo no referente á subvención a EuroEume, xa que non se trata verdadeiramente dunha subvención senón dunha aportación que fan tódolos concellos e non somentes o da Capela, e que ademáis non foron 6.000 € senón 12.000€. Expresa D. Juan Puentes Calvo que no tema do museo etnográfico a subvención está xustificada, xa que o Concello está representado no patronato que rexe o mesmo e fal do prestixio do museo, do investimento que se leva feito, e que en definitiva a historia da Capela está alí metida, e polo tanto o museo merece apoio do Concello.

Polo voceiro do Partido Popular pídese que se mostren as subvencións nominativas do orzamento do exercicio 2010.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, pídese á Alcaldía un compromiso sobre as subvencións ás entidades, ó que se suma o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández.

O Alcalde respóstalles afirmativamente no sentido de que o concello sacará unhas bases para subvencións a entidades.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (5 votos a favor da aprobación do orzamento dos Sres/Sra. Concelleiros/a dos Grupos Municipais do P S de G - PSOE e Mixto - BNG e 4 votos en contra dos Sres /Sra. Concelleiros /a dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega), adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo orzamento para o exercicio 2011 que comprende os seguintes:

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN
A.- OPERACIÓNS CORRENTES		
I	GASTOS DE PERSOAL	344.032,26€
II	GASTOS BENS CORRENTES DE SERVIZOS	624.839,79€
III	GASTOS FINANCEIROS	2.700,00€
IV	TRANSF. CORRENTES	21.000,00
B. OPERACIÓNS DE CAPITAL		
VI	INVERSIÓNS REAIS	237.143,73€
VII	TRANSF. CORRENTES	0,00€
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00€

IX	PASIVOS FINANCEIROS	15.284,22€
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS 2010		1.245.000,00€

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
A. OPERACIONES CORRENTES		
I	IMPOSTOS DIRECTOS	234.600,00€
II	IMPOSTOS INDIRECTOS	18.000,00€
III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	210.970,00€
IV	TRANSF. CORRENTES	564.401,67€
V	INGRESOS PATRIMONIAIS	8.711,03€
B.- OPERACIONES DE CAPITAL		
VI	ENAXENACIÓN DE INVERSIONS REAIS	0,00€
VII	TRANSF. DE CAPITAL	208.316,32€
VIII	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00€
IX	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS 2010		1.245.000,00€

2.-Aproba-la plantilla de persoal e relación de postos de traballo, así como as bases de execución para o mencionado exercicio.


3.- Expoñer ó público no BOP por un prazo de quince días hábiles ós efectos de reclamacións de conformidade co preceptuado no artigo 169.1 do RD. 2/2004 do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

4.- Que no suposto de non presentarse reclamacións contra o mesmo, considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación por capítulos no BOP e Taboleiro de anuncios do concello xuntamente coa plantilla de persoal e relación de postos de traballo, de acordo co disposto no artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril e artigo 169.3 do RDL 2/2004, do 5 de marzo que aproba o TRLFL.

5.- Que de conformidade co disposto no artigo 169.4 do mencionado RDL deberá remitirse copia do orzamento ós organismos competentes da Administración do Estado e Autonómica.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde-Presidente,



Asdo.: Angel López Sueiro.

O Secretario,



Asdo.: José A. Meizoso Paz.